

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN DE ALCOHÓLICOS REHABILITADOS DE GALICIA “FARGA” PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E APOIO A PACIENTES E FAMILIARES/ COIDADORES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

- Que o Servizo Galego de Saúde formaliza coa entidade FARGA o instrumento convencional arriba referido por un período que entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017.
- Que o instrumento convencional ten por obxecto: a realización, por parte de FARGA, das seguintes actividades:
 - A formación continuada dos profesionais técnicos asistenciais que traballan ou colaboran coas asociacións que integran FARGA.
 - A difusión e sensibilización da poboación xeral respecto dos problemas asociados ao consumo de alcohol.
 - A información, orientación, asesoramento e apoio a pacientes e familiares/ coidadores.
- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.
- Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:
 1. Que o Plan Estratéxico de Saúde Mental recolle entre os seus programas especiais a atención a problemas relacionados co consumo prexudicial de alcohol, así como programas de colaboración para realizar programas de formación e asesoramento técnico no ámbito da saúde mental.
 2. Que entre os obxectivos de “FARGA”, en canto federación que agrupa diversas asociacións de alcohólicos e exalcohólicos da nosa Comunidade Autónoma Galega dedicadas á atención aos problemas derivados do consumo prexudicial de alcohol, se atopan aqueles que teñen como finalidade a información e difusión da enfermidade e o establecemento de canles comúns para dar formación e apoio aos profesionais e colaboradores.

3. Que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento dunha liña conxunta de actuación e colaboración para acadar unha mellor atención aos problemas derivados do consumo prexudicial de alcohol, a través de actividades de formación, información, asesoramento e apoio a pacientes e familiares/ coidadores.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, (en tanto que normativa vixente ao tempo da sinatura), ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

